



PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE PONTEVEDRA E A CONFERENCIA VIRXE PEREGRINA DA SOCIEDADE DE SAN VICENTE DE PAÚL PARA O MANTEMENTO DO ALBERGUE SAN VICENTE DE PAUL "CALOR e CAFÉ"

En Pontevedra a 28 de outubro de 2013

REUNIDOS

Dunha banda, don Miguel Anxo Fernández Lores, con DNI nº [REDACTED], actuando en nome e representación do Concello de Pontevedra, no uso das facultades que se lle atribúen na súa condición de Alcalde-Presidente do mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/03 do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, así como o disposto na artigo 41 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

E doutra, dona M^a del Pilar Magdalena Dapena Fernández, en calidade de Presidenta da Conferencia Virxe Peregrina da sociedade de San Vicente de Paúl de Pontevedra, co CIF PO 28.256.667, con domicilio na Rúa San Xulián nº 4 baixo de Pontevedra, actuando en nome e representación da mesma, tal e como acredita o seu nomeamento segundo acta da 1ª sesión da Conferencia do 18/12/2010 onde foi elixida como presidenta.

Intervénen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para cada un dos mesmos se atribúen en nome das entidades que representan teñen conferidas

MANIFESTAN

- I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con persoas tanto de dereito público como privado ao abeiro do disposto no artigo 88 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, modificada pola Lei 4/199 do 13 de xaneiro.
- II. Que segundo os datos que obran nos rexistros dos servizos sociais municipais, no concello de Pontevedra existe un número importante de persoas en situación de exclusión social, que nos últimos anos viuse incrementada, entre outras causas, pola situación económica do país.
- III. Que a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.2.k atribúe aos concellos a prestación de servizos sociais e a promoción e reinserción social. E o artigo 20 de Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que os concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbitos das súas competencias, poderán promover toda clases de actividades e prestar tódolos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades dos veciños.

Rey Dapena

- IV. Que o Concello, como poder público, ten que asegurar a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, en circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e/ou socio-familiares. Puidendo dar a cobertura por si mesmos, ou mediante convenios de colaboración con entidades de iniciativa social de recoñecida solvencia.
- V. Que a Conferencia Virxen Pelegrina da Sociedade de San Vicente de Paúl, é recoñecida pola súa constante actividade social que na cidade de Pontevedra centrase, entre outras, no mantemento dun Albergue "CALOR-CAFÉ", do que son titulares, ofertando este recurso como alternativa a pernoctar na rúa ás persoas sen teito.
- VI. Que dito recurso ven funcionando na cidade de Pontevedra dende o ano 2005, dando cobertura as necesidades primarias de aloxamento, incluíndo cea e almorzo a aquelas persoas marxinadas socialmente que se atopan en situación de exclusión social, cunha media diaria de 15 persoas.
- VII. Que dende a súa posta en funcionamento, o albergue "CALOR e CAFÉ" ven atendendo a persoas, algúnha delas derivadas dos servizos sociais, formalizando esta colaboración no ano 2007 a través dun convenio cuxa vixencia rematou no mes de decembro do ano 2012.
- VIII. Que tendo avaliado que o albergue "CALOR e CAFÉ" cumpre unha función social necesaria para complementar a rede de dispositivos de accións voluntarias que constituen o terceiro sector ou sector solidario, considérase necesario asinar un novo convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Conferencia Virxe Peregrina coa finalidade de contribuir a dar unha cobertura ás necesidades básicas do colectivo de persoas en situación de exclusión socio-laboral.

acordo co exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un novo convenio de colaboración para o desenvolvemento dun programa de cobertura de atencións básicas para persoas en situación de exclusión social, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS


PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a colaboración para o desenvolvemento no concello de Pontevedra dun programa de atención básica para as persoas carentes de recursos, en situación de exclusión social, entre outras por drogadicción e alcoholismo, e sen teito.

SEGUNDA.- Contido do programa e actuacións a desenvolver.

O programa desenvolverase no albergue "CALOR e CAFÉ", do que son titulares a Conferencia Virxe Peregrina da Sociedade de San Vicente de Paúl.

O programa dará cobertura co seu albergue "CALOR e CAFÉ", aos seguintes colectivos:




Paula Lopez

- Persoas sen fogar que non poden ser atendidos no albergue de Caritas, por ter superado a estancia máxima permitida, por falta de prazas, ou por dificultades de acceso por estar fora do centro urbano.
- Persoas que teñen abandonado procesos de intervención en outros recursos, pero que precisan agora dun recursos de acompañamento en modelos de intervención de baixa esixencia.
- Ex-reclusos sen posibilidades de volta ao entorno familiar
- Persoas drogodependentes en procesos de exclusión social
- Persoas alcohólicas en procesos de exclusión social.
- Calquera outro colectivo en situación de exclusión social

As actuacións do programa serán, entre outras, as seguintes:

- Ofertar un recurso á pernoctar na rúa, incluíndo a cea e o almuerzo
 - Ofertar o servizo de ducha para aqueles usuarios sen pernocta.
 - Acompañamento das persoas en situación de exclusión social severa ao acceso ao sistema público sanitario e social, con patoloxías de exclusión (alcohólicos, drogadictos, etc..)
 - Facilitar na medida do posible, unhas condicións de vida máis saudable.
 - Dar cobertura con carácter temporal e co obxectivo de buscar outro tipo de alternativas posteriores para a inclusión social das persoas atendidas.
 - Acompañamento e apoio con persoal voluntario nos procesos de inserción.
 - Manter unha liña de colaboración con outras institucións que actúen no ámbito local nos procesos de exclusión social. (Cruz Vermella, Cáritas, Comunidade Franciscana, etc..)
- Manter unha liña de colaboración e coordinación cos Servizos Sociais municipais, así como cos demais dispositivos da área de Benestar Social do Concello: Unidade de Atención aos Drogodependentes e Unidade de Día Municipal, etc..)



TERCEIRA.- Persoal de atención.

A Conferencia Virxe Peregrina, como titular do albergue de San Vicente de Paul "Calor e Café", contará co persoal axeitado para a prestación que desenvolve, que, alo menos, contará con:

- Persoal contratado : 2 monitores, un de noite e outro de mañás
- Persoal voluntario: para labores complementarias de acompañamento de xestión do albergue. Este persoal o integrarán xoves ou persoas da cidade que colaboran desinteresadamente.
- Un técnico/a de xestión social.

CUARTA.- Orzamento

Para a desenvolvemento das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Pontevedra achegará, dos orzamentos municipais para o ano 2013, a cantidade de **15.000,00 € (QUINCE MIL EUROS)**, que será actualizada anualmente conforme ao incremento do IPC rexistrado polo Instituto Galego de Estatística para o correspondente ano

Real Decreto

As achegas feitas polo Concello de Pontevedra serán destinadas a sufragar os gastos do persoal necesario para o funcionamento do centro semiresidencial sinalado na cláusula anterior, así como calquera outro gasto necesario para o mantemento e funcionamento do devandito centro (gas, electricidade, compra alimentos, etc..).

QUINTA.- Forma de pagamento

O Concello de Pontevedra realizará os pagamentos contra xustificación dos gastos realizados, mediante facturas, nóminas, etc, que deberán ser presentados pola Conferencia Virxe Peregrina da Sociedade de San Vicente de Paúl perante o concello, concedéndolle a achega económica conforme o establecido na Ordenanza Xeral reguladora das Subvencións do Concello de Pontevedra.

Poderán efectuarse pagos parciais que se xustificarán do xeito previsto anteriormente.

O concello someterase á normativa vixente en materia de subvencións, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo R.D.887/2006 do 21 de xuño e da Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Pontevedra. Segundo o establecido no artigo 5º da devandita Ordenanza, e tendo en conta que a actividade a financiar por este convenio é de especial interese público e social, a porcentaxe subvencionabel polo Concello poderá ser do 100% do custo da actividade, sen que en ningún momento supere a contía total prevista na cláusula cuarta do presente convenio.

SEXTA.- Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente

Ao abeiro do previsto na Ordenanza Xeral reguladora das subvencións no Concello de Pontevedra a Conferencia Virxe Peregrina da Sociedade de San Vicente de Paúl ten a obriga de presentar unha declaración de axudas ou subvencións concedidas para o mesmo fin que o estipulado neste convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade a desenvolver.

SÉTIMA.- Comisión de Seguimento

O Concello obtentará a dirección, supervisión e control das tarefas obxecto do convenio constituíndose para tal fin unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Pontevedra polo/a Concelleiro/a Delegado/a da Área de Benestar Social ou persoa na que delegue, polo/a Director/a Xeral de Benestar Social e Educación e polo/a Xefe/a de Servizo de Benestar Social e a Xefa de Sección de servizos sociais; e pola Conferencia Virxe Peregrina da Sociedade de San Vicente de Paúl a presidenta ou persoa da entidade na que delegue, e por dúas persoas máis.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

OITAVA.- Causas de resolución.

Sen prexuízo das causas xerais de resolución dos contratos previstas no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei de Contratos do Sector Público, tamén serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

NOVENA.- Publicidade, seguimento e colaboración.

1.- A Conferencia Virxe Peregrina da Sociedade de San Vicente de Paúl obrígase a:

- a) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración do Concello de Pontevedra e o seu correspondente logotipo.

Remitir anualmente ao Concello de Pontevedra un informe detallado das actuacións levadas a cabo ó abeiro deste convenio.

- b) Facilitar a actuación dos técnicos dos servizos sociais da Concellería de Benestar Social do Concello de Pontevedra no referente ó seguimento das actividades obxecto da axuda.


- d) Ter informado aos servizos sociais da Concellería de Benestar Social do Concello de Pontevedra do desenvolvemento das actividades subvencionadas, así como calquera variación de horarios e calquera outra circunstancias.

- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Pontevedra, no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2.- A Conferencia Virxe Peregrina da Sociedade de San Vicente de Paúl, entidade beneficiaria do presente convenio, presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, se así se estimase, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será o Concello de Pontevedra, ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

DÉCIMA.- Relación laboral.



Prop. Lopez

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Pontevedra, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello de Pontevedra responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

O Concello de Pontevedra poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da Conferencia Virxe Peregrina da Sociedade de San Vicente de Paúl das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar os servizos obxecto deste convenio.

DECIMO PRIMEIRA.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 4 da Lei de contratos e administracións públicas e demais normativa de aplicación en materia de contratos.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro do Concello de Pontevedra as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar.

As lagoas ou controversias que xurdidas na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Administración municipal, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula sexta, contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, resolveranse na orde xurisdiccional contencioso administrativo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Duración.

O presente convenio terá unha vixencia de 4 anos a partir do 1 de xaneiro do ano 2013, prorrogándose por períodos anuais, ata un máximo de 6 anos, mediante o correspondente acto formal.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira.

O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO
DE PONTEVEDRA

Asdo.: Miguel Anxo Fernández Lores

A PRESIDENTA DA CONFERENCIA
VIRXEN PELEGRINA DA SOCIEDADE
DE SAN VICENTE DE PAÚ

Asdo.: M^a de Pilar Dapena Fernández

